

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

13265 *Real decreto 687/2021, do 3 de agosto, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2021-2025.*

O artigo 25.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, prevé que o cadro de persoal do dito corpo en situación de activo se axustará aos créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado. Así mesmo, o seu punto 2 sinala que o Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, fixará, con vixencia para períodos de catro anos cada un, o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas, excepto os correspondentes ao primeiro emprego de cada escala, cuxos efectivos serán os que resulten da provisión anual de prazas.

Con vixencia para o período comprendido desde o 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2021, ambos os dous incluídos, o Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, fixou o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas da Garda Civil e estableceu os efectivos máximos nas situacións administrativas de servizo activo e suspenso de funcións.

Posteriormente, o Real decreto 1087/2020, do 9 de decembro, modificou o anterior real decreto e deu resposta á necesidade de aumentar as dotacións no emprego de tenente xeneral como consecuencia da creación, mediante o Real decreto 734/2020, do 4 de agosto, polo que se desenvolve a orgánica básica do Ministerio do Interior, do Mando de Fronteiras e Policía Marítima da Garda Civil, cuxo titular debe desempeñar o dito emprego.

Este cadro de persoal regulamentario abórdase unha vez concluído o proceso de integración das escalas de oficiais e debe facer fronte á localización final de todos eles, ben na constituída en xullo de 2017 ou en calquera das declaradas a extinguir pola Lei 29/2014, do 28 de novembro; débese constituír, por tanto, nun elemento que ofrezca un escenario de estabilidade e certeza cara a un adecuado dimensionamento do conxunto de escalas.

Para dar cumprimento ao mandato legal, facer posible o desenvolvemento da carreira dos gardas civís a través do seu réxime de ascensos e favorecer a consecución da máxima efectividade na prestación dos servizos e nos obxectivos do Goberno en materia de seguridade pública, cómpre fixar un novo cadro de persoal regulamentario para os próximos catro anos.

Abordouse todo isto de acordo cos principios previstos para a regulación normativa na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da dita lei, en relación co principio de transparencia, unha vez abordado o período de información e audiencia pública.

Por último, en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, este real decreto foi sometido ao informe do Consello da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior e da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e tras a deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Cadro de persoal regulamentario.*

1. Con vixencia para o período comprendido desde o día 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2025, ambos incluídos, o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas do corpo da Garda Civil, excepto o correspondente ao primeiro emprego de cada escala, será o seguinte:

Escala	Emprego	2021/2022	2022/2023	2023/2024	2024/2025
Oficiais.	Tenente xeneral.	5	5	5	5
	Xeneral de División.	8	8	8	9
	Xeneral de Brigada.	22	22	23	24
	Coronel.	127	130	133	137
	Tenente coronel.	231	237	247	259
	Comandante.	334	374	400	470
	Capitán.	357	419	519	619
Facultativa superior Lei 42/1999.	Coronel.	2	4	4	4
	Tenente coronel.	9	9	11	14
	Comandante.	34	34	33	27
	Capitán.	2	2	0	0
Oficiais Lei 42/1999.	Tenente coronel.	58	58	58	58
	Comandante.	124	124	124	124
	Capitán.	536	536	536	536
Facultativa técnica Lei 42/1999.	Comandante.	5	12	19	26
	Capitán.	30	20	13	6
Suboficiais.	Suboficial maior.	60	65	72	80
	Subtenente.	594	614	636	659
	Brigada.	1.034	1.069	1.104	1.154
	Sarxento primeiro.	2.096	2.156	2.236	2.316
Cabos e gardas.	Cabo maior.	80	93	106	120
	Cabo primeiro.	6.440	6.565	6.715	6.940
	Cabo.	1.200	1.200	1.200	1.200

A distribución que se fai por períodos anuais entrará en vigor o 1 de xullo e estará vixente ata o 30 de xuño do ano seguinte.

2. Cando se designe un oficial xeneral para ocupar cargos no ámbito dos órganos centrais ou organismos autónomos dos ministerios de Defensa e do Interior ou en organizacións internacionais, así como en misións para manter a paz e a seguridade internacionais que comporten o cesamento no destino, na Casa da súa Maxestade o Rei, na Presidencia do Goberno ou en departamentos ministeriais, considerarase cadro de persoal adicional, salvo que estean especificamente asignados ao corpo da Garda Civil.

Artigo 2. *Persoal do cadro.*

O cadro de persoal que se establece no artigo 1 representa os efectivos máximos en cada emprego e inclúe todo o persoal que se encontre nas situacións administrativas de servizo activo e suspenso de funcións.

Artigo 3. *Amortización de excedentes.*

Os excedentes de cadro de persoal que existan en todo momento nos diferentes empregos e escalas en relación co cadro de persoal fixado no artigo 1 amortizaranse non dando o ascenso ás seguintes vacantes:

- a) Nos empregos da categoría dos oficiais xenerais, as primeiras que se produzan.
- b) Nos restantes empregos, a primeira que se produza de cada tres.

Disposición adicional única. *Cobertura do cadro de persoal.*

O cadro de persoal recollido neste real decreto será cuberto na medida en que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan. Así mesmo, a súa cobertura non poderá supoñer incrementos netos de gastos de persoal e terase que compensar, en caso de que se produzan, coa redución doutras partidas de gastos de persoal da Dirección Xeral da Garda Civil.

Disposición transitoria única. *Período anual 2021-2022.*

O cadro de persoal regulamentario fixado para os distintos empregos e escalas no artigo 1.1 para o período anual 2021-2022 será de aplicación a partir do 1 de xullo de 2021, data a que se retrotraen os efectos deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

Queda derogado o Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e para o período anual 2021-2022 será efectivo desde o 1 de xullo de 2021.

Dado en Palma o 3 de agosto de 2021.

FELIPE R.

O ministro da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
FÉLIX BOLAÑOS GARCÍA